

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

**5392** *Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, pola que se modifica a Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2007-2013.*

O artigo 56.4 do Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello, do 21 de xuño de 1999, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais, dispón que as normas sobre subvencionabilidade do gasto se establezan a escala nacional. Todo isto sen prexuízo das excepcións e peculiaridades que se recollen respecto ao Fondo Social Europeo na regulamentación comunitaria.

En consecuencia, con data do 18 de outubro de 2008 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» a Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación de 2007-2013.

Na elaboración desta orde tivéronse en conta os artigos 29 a 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o artigo 4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. Así mesmo, tomáronse en especial consideración os artigos 56 e 78 do Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, e o artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1784/1999 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xullo de 1999, relativo ao Fondo Social Europeo.

Tendo en conta o anterior, co obxecto de conseguir unha adecuación plena entre a normativa nacional e a normativa comunitaria en materia de subvencionabilidade dos gastos, e con especial consideración ao disposto no artigo 11.3.a) do Regulamento (CE) n.º 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, considérase necesario modificar a Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, co obxecto de incluír os criterios xerais e específicos que deben cumprir os gastos relativos a «as retribucións e complementos desembolsados por terceiros a favor dos participantes nunha operación e certificados ao beneficiario».

Na súa virtude, por proposta da secretaria xeral de Emprego, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

*Artigo único. Modificación da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación de 2007-2013.*

A Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período 2007-2013, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 5 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«5. As contribucións en especie, os gastos de amortización, os gastos financeiros e legais e os custos indirectos, así como as retribucións e complementos desembolsados por terceiros en favor dos participantes nunha operación e certificados ao beneficiario, serán subvencionables con cargo ao Fondo Social Europeo cando se cumpran os requisitos establecidos nesta norma.»

Dous. Engádesse un artigo 8 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 8 bis. *Retribucións e complementos desembolsados por terceiros.*

As retribucións e complementos desembolsados por terceiros en favor dos participantes nunha operación e certificados ao beneficiario, indicados no artigo 11.3.a) do Regulamento (CE) n.º 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1784/1999 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xullo de 1999, relativo ao Fondo Social Europeo, poderán ser subvencionables con cargo ao Fondo Social Europeo sempre que o cofinanciamento deste Fondo non sexa superior ao custo total subvencionable, excluído o valor de tales retribucións e complementos.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 25 de marzo de 2009.—O ministro de Traballo e Inmigración, Celestino Corbacho Chaves.